



ASUNTO: COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA.
Aluguer doutro centro de maiores, capricho e despilfarro.

O menos que se lle debe pedir aos representantes da soberanía popular é **que non causen problemas** alí onde non existen. Pois ben, a ubicación do centro de maiores de Cedeira non presentaba ningún problema. Foi a decisión de Leopoldo e Luis Rubido (no pasado pleno escenificáronse as diferencias na propia bancada popular) a responsable do grave disgusto provocado entre este segmento da nosa poboación e conseguintemente a toda a veciñanza do municipio. Oitocentas firmas, recollidas non abrir e pechar de ollos expresan fielmente esta desazón.

A accesibilidade do actual centro de maiores non ten mácula. Rampas, amplo ascensor e baños, cumpren as normas máis esixentes. No seu día supuxo unha enorme inversión que o goberno do BNG e PSdeG-PSOE levaron a término e os poderes públicos deberan ser quen de amortizar, sexan da cor que sexan.

O actual centro de maiores está enriba do auditorio. Os nosos maiores **poden**, sen esforzo, **acceder ás actividades** culturais que aquí se realicen. Teñen espazos para conferencias, biblioteca, medios audiovisuais, tecnoloxías da información e da comunicación, e posibilidades de ampliación e incorporación de novos espazos que permitan ofrecer servicios de fisioterapia, perruquería, mantemento, cursiños, etc.

O noso centro de maiores conta **con toda a infraestrutura** que lle permite contar cun espléndido sistema de climatización, iluminación e moi servida cociña que o fai especialmente idóneo para acoller un público delicado de saúde a ávido de novas ofertas, como as de tipo curinario, na terra onde as materias primas e o amor pola boa cociña forman parte fundamental da nosa carta de presentación.

Os que mandan no Partido Popular queren **contrapor maliciosamente os 1000 euros** que se lle pagan a quen agora xestiona, cuida e limpa a cafetería co aluguer por idéntica cantidade do novo local na Plaza Roxa, como se o novo local non precisase de atención e limpeza. Alguén terá que barrer, fregar ou facer os baños. Polo tanto, haberá que engadirille ao aluguer, a limpeza. Por outra banda, omiten e non din que a persoa que leva a cafetería rematou fai moito tempo o seu contrato. A xestión do local é susceptible, por tanto, de novas e mellores estratexias, máis eficientes e democráticas.

O local ao que pretenden levar aos maiores **debe ser reformado** e dotarse de sistema de climatización dos que carece. Falan de levar o sistema de calefacción doutras estancias municipais. Desvestir un santo da nosa propiedade, para vestir outro de propiedade allea. O mesmo que terán que facer co mobiliario e aparellos audiovisuais. Os números que ofrecen para calar o



ASUNTO: COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA.
Aluguer doutro centro de maiores, capricho e despilfarro.

clamor popular é de 7.000 euros. Iso valeo só o queimador da caldeira por moita propiedade que sexa do Concello.

O actual goberno do PP dificultanos o acceso ao expediente polo que foi cedido o solo, polas irmás de María Mediadora, para a contrucción do actual centro de maiores e auditorio. Pero sabemos e demostraremos públicamente que se realizou coa **condición de que houbera un uso inequívoco por parte da xente maior**. O actual alcalde quere que os testigos se esquezan daquel compromiso, demostrando que a súa palabra non vale nada, pero se hai papeles, e neso estamos, terá que rectificar.

No pasado Pleno Ordinario, Luis Rubido aceptou a **posibilidade de que as actuais instalacións se mantivesen ao servizo dos maiores**, pero nada de dar un paso atrás no aluguer do local dos seus parentes. O outro Rubido, Leopoldo, afeoulle a conducta ao irmán, nun ambiente de deterioro total nas filas do PP. Non sabemos por tanto **en qué quedará a cousa**, se a concelleira Almudena Molina Pérez que non está de acordo, pintará algo, ou se o delfín se imporá fronte a Leopoldo.

Para o noso mal, o mal de toda Cedeira, non fai falla pensar moito para comprender **cales son os motivos** polos que Leopoldo e Luis Rubido deciden alugar o local dos seus parentes, sen concurso público, contra o sentir da xente maior, **co reparo do Interventor**, contra o sentimento común e cunhos custos que unha sociedade en crise non pode soportar.

Por todo elo, os socialistas de Cedeira situanse ao lado da plataforma que reúne aos maiores, e así, a finais de semana o noso Grupo Municipal solicitará a celebración dun **PLENO EXTRAORDINARIO** no que pediremos de TODA a corporación o **voto a favor da revogación** do acordo da Xunta de Goberno pola que se procede a alugar o baixo da discordia.

En Cedeira, a 21 de outubro do 2013

JOSÉ LUIS VERGARA REY

PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA